

ROUCCO

SION

Falamos de rock en galego

Número 23- novembro 2022

Publicación gratuíta

Colle unha!

**HER ANXIETY
SUEVIA
BUXA**

**MEU
FAÍSCAS
TRIKORNIO**

**GRACIAS POR NADA
ESCAVOS
RUINAS**



Susi, de Suevia: «En Vigo faltaban bandas de mulleres»

Por Patty Castro.

Xa hai un par de anos que Susi buscou a maneira de facer posible un soño: ter unha banda de rock e que as súas compañeiras foran mulleres, despois de militar noutras bandas, como Motherseed. Buscou, e conseguiu sacar adiante este proxecto, baixo o nome de Suevia. Dende o principio leva con ela a baixista Fati, e o cuarteto esta completado por Patri na guitarra, tamén membro de Martillo, e Olga na batería. Previamente, tamén pasaron pola formación outras integrantes, como Anastasia, procedente de Satanasia, na guitarra, ou a batería Miriam, de La Vagabanda.

O grupo ten xa un par de sinxelos e videos lanzados, ademais de numerosos concertos ás súas costas, enchendo en particular os garitos vigueses. Imos pois coñecer a Suevia, que se reúne na parroquia de Cabral para crear rock cunha mestura de diferentes estilos. Para isto falamos coa súa vocalista e fundadora.

Moi boas, Susi. Grazas por conceder esta entrevista. O primeiro que che quería preguntar é como xurdiu a idea de montar a banda.


Moi boas! Pois, a verdade é que eu xa levaba tempo tocando con bandas masculinas, nas que era eu a única muller e a voz. Cando esas bandas foron desaparecendo, pensei que a mellor maneira de seguir sería facer unha banda de mulleres. Na cidade onde vivo, Vigo, non había moito diso, e iso mesmo fixome ver que era algo que faltaba. Comecei en redes sociais e con algún teléfono que me pasaron. Non coñecía a ningunha, pero despois dunha pequena búsqueda atopei as compoñentes e formamos Suevia.

Sei que ensaiades na zona de Cabral mínimo unha vez á semana, pero cal é o voso xeito de traballar cando sacades un tema adiante?

A ver, temos dúas formas de compoñer: ou ben a guitarrista trae un riff e sobre iso eu compoño unha letra, e despois cada unha aporta a súa parte co seu instrumento; ou ben podo eu traer unha letra e unha melodía vocal e a partir diso traballamos todas.

Gustárame que me comentaras cal é a vosa formación actual, pois recentemente cambiastes a batería e a guitarra.

Pois si. Segue Fati de baixista. De batería temos a Olga, de Vigo, a última en incorporarse. Ela dende moi nova é percusionista, e hai pouco que se decantou pola batería e nós encantadas. E, tamén, na guitarra, veu Patri, unha multiinstrumentista, que aporta a súa experiencia e visión doutros estilos. Sin duda fixeron un cambio as dúas e volveron o noso son máis rokeiro e duro. E, realmente, aínda que face-



Susi, a voz de Suevia



FOTO Jenn Seijo



mos o mesmo estilo, esa nova dureza fixo que fora un punto de encontro entre todas. O gusto polo metal de Fati, o meu polo rock dos 70 e o de Olga e Pati polo rock e metal dos 90. Agora sentimos que estamos a facer temas que nos representan ás 4. A verdade é que estamos moi contentas!

E en que andades metidas agora mesmo? Cal é a vosa prioridade como grupo?

Pois andamos preparando o bolo de final de mes no Tronkobar, e a semana seguinte abrimos para un grupo de mulleres suecas no Transylvania de Vigo. E tamén estamos sacando novos temas. Ímonos meter no estudio e sacar algún vídeo novo. Así que xa estamos traballando para en maio voltar aos escenarios con novo material.

Que lle dirías á xente que non vos coñece que vai atopar no voso directo?

Pois moita forza! Catro mulleres cunha posta en escena cada unha co seu instrumento, dando caña rockeira. Un rock moi puro, inspirado neses albores do rock e o heavy metal dos 70 e tamén no dos propios 90. Moita forza e enerxía, iso seguro. Pois amamos o directo e considerámonos máis de directo que de disco, pois o que nos gusta é ese intercambio de enerxía co público e desfrutámo-lo moito!

Pois moitas grazas! Un pracer falar contigo, Susi. Grazas por concederlle esta entrevista a Rouco Son. Os meus mellores desexos para Suevia.

Moitas grazas, Patty, por sempre apoiarnos, e polo voso interés e ganas de axudar a visibilizarnos. Vémonos nos bolos!!



FOTO Jenn Seijo

BUXA LANZA O SEU PRIMEIRO VIDEOCLIP «MESTRE»

Buxa é unha banda de stoner rock instrumental do Grove que está a comezar o seu percorrido polos escenarios galegos, logo de tres anos de composicións e ensaios. Ten tres sinxelos con cinco temas autoeditados en total, publicados dixitalmente en Bandcamp, e están a preparar o primeiro LP para comezos de 2023.

Agora lanzan «Mestre», o seu primeiro videoclip, que foi presentado o sábado 29 de outubro de 2022 no auditorio municipal do Grove, nun acto colectivo de homenaxe realizado para conmemorar o centenario (en realidade o 101 aniversario, por retrasos provocados pola pandemia) do falecemento do escritor Luís Antonio Mestre, quen tivo unha fonda relación coa vila do Grove.

Neste acto deuse visibilidade á vida e a obra de Mestre e fíxose unha defensa da conservación do patrimonio do autor que aínda se conserva na vila meca, especialmente da súa casa da Torre, actualmente en estado de abandono.

Este traballo foi realizado en colaboración coa productora Siradella Films, co colectivo Torremakers e con Francisco Meis (estudoso da vida e da obra do autor). A peza musical é unha composición propia da banda e contén un poema deste autor, «Airiños da miña terra», escrito no Grove en agosto do ano 1900. O vídeo conta con localizacións en lugares e edificios do Grove significativos na vida de Luis A. Mestre, como a súa casa da Torre, a Illa da Toxa ou a Laxe de Raeiros.





Meu xa ten o videoclip do novo tema “Insectos”



A banda de rock Meu, procedente da comarca do Deza, lanzou o pasado día 14 de novembro un novo videoclip, correspondente ao seu tema “Insectos”. Este videoclip foi rodado no Porto de San Adrián de Cobres en Vilaboa, nos arredores da Illa de San Simón do Concello de Redondela, e no Concello de Lalín. Foi realizado pola Produtora Cultural Toxo Verde, tamén responsable da promoción e contratación do grupo.

O 15 de novembro celebrouse o Día Internacional Sen Alcohol impulsado pola OMS, debido a problemática que supón o alcoholismo na sociedade actual. Con ocasión desta efeméride, o grupo compuxo esta canción sobre a sensación que experimentan os alcohólicos cando non consumen: o formigueo, os insectos baixo a pel. A alucinosis alcohólica está presente no consumo crónico de alcohol, a droga legal máis habitual no País. No vídeo, Borja tenta despexarse da súa adicción ó alcohol dando unha volta no seu barco. Na travesía recibe a visita dos alcohois que máis consume: o licor café, os cubatas, o viño, a cervexa e o

vermú; que o incitan a beber personificados polos integrantes de Meu.

Insectos forma parte dunha serie de cancións gravadas nos Cimática Estudios de Cerceda con Mahi Ferradás de Broa, e que están presentando ao longo deste 2022 cunha gran acollida por parte dos seus seguidores. Este tema é un dos máis potentes do grupo, destacando pola súa marcada influencia punk, especialmente nas partes rápidas da mesma.

Tamén destaca polo emprego de voces berradas e incluso guturais, sen sacrificar un retrouso melódico e pegadizo. Todo isto confire ao tema un dinamismo moi benvido que da unha nova profundidade ao estilo musical do grupo, caracterizado tamén polas influencias do rock alternativo, o rock duro e o metal. Este videoclip únese a outros previamente lanzados polo grupo, como “Outro día máis”, “Doutor canibal”, “Non quero ser normal” ou “Animal ferido”, estes dous últimos temas gravados en 2020 nos Estudios Mafia do Carballiño.





Este boli se convierte en un juguete



para que ningún niño o niña
se quede sin jugar

5€

Cómpralo en unjugueteunailusion.com

rtve



STGO! CRÓNICAS



CrónicasPTV AMSGO!

Colabora:

Aída, de Her Anxiety:

“En Galicia temos sorte tendo tantos festivais de calidade tan preto”

Con fotos de Carlos Meira

Varios dos membros da banda proceden tamén doutras, como a banda de metalcore Hills and Valleys, a banda de death metal melódico Dysnomia, ou a de folk metal Mileth. Credes que se nota esa bagaxe de cada membro á hora de aportar ás cancións do grupo, Anxiety?

Nótase máis no carácter, tanto nos directos e ensaios como na forma de planificar e organizar os plans de ruta. Ao ser músicos con bastante experiencia temos claros os obxectivos e intentamos evitar pedras nas que caímos no pasado. Nótase tamén na capacidade de adaptarnos uns aos outros, é algo que mellora co tempo e coa relación. Con respecto á composición, ao ser obra de Rodri temos que afirmar que a súa bagaxe nótase moito!

Precisamente, nos dous primeiros videoclips que lanzastes, en Dear Lion pode apreciarse o estilo máis puramente metalcore, mentres que Adrift ten unha influencia máis potente do death melódico. Ao compoñer as cancións do disco, buscastes un son determinado para cada unha ou foron xurdindo así?

Foron xurdindo co tempo, temos moitas influencias diferentes e gústanos xogar con todo o que nos atrae. Tentamos ter un sello de identidade pero nunca que os temas sexan uns iguais aos outros.

Ademais de Rodri e Jorge, os vosos guitarristas, para a gravación do álbum contastes con Eloi, outro membro de Dysnomia. Tamén con Óscar de Mafia estudios. Como foi a experiencia da gravación?

Eloi é amigo da maioría de nós dende hai moitos anos. Tanto dentro das bandas coma fóra, polo que

no momento que vimos que non tiñamos batería para gravar o disco No Land In Sight non o dubidamos. E por suposto, aproveitamos que tamén ten un estudio propio para traballar con el as gravacións instrumentais. Tivemos moita sorte de que nos dedicara un dos poucos descansos que ten entre os estudos no conservatorio en Ámsterdam e as xiras internacionais, polo que consideramos que somos moi afortunados e agradecemosllo moitísimo.

O traballo en Estudio s Mafia foi o da gravación das voces. Decidimos buscar un estudio que tivera experiencia en metal e a verdade é que a

experiencia foi moi boa. Por tino gustaríase destacar o traballo de Alex Cappa de Metal Factory Studios na mezcla e máster do disco. Ademais do enorme traballo que fixo co disco, deixounos moitísimos consellos que teremos moi en conta no futuro.

Axiña comezaredes a presentar o álbum ao vivo. Escoitaremos

tamén algunha canción do voso proxecto anterior His Anxiety, ou vos centraredes exclusivamente no novo traballo?

Cando pechamos a porta de His Anxiety, non quixemos deixar todo o traballo compositivo de Rodri atrás, polo que mantemos algunhas composicións súas neste novo proxecto. Sí que é certo que non imos manter nada que non pertenza ao 100% á agrupación actual, nin nada que fora gravado baixo o anterior nome. Tamén consideramos que o novo disco e a nova for-

sensación habitual para todos os galegos. Coa portada tivemos moitísima sorte de traballar con Karen-dra de Healthy People, que é unha gran profesional e captou á primeira explicación o que queríamos transmitir. “Ó mar” é unha canción especialmente importante para min e ten unha letra moi emotiva, que non podería ter sido noutro idioma. E como está moi relacionada coa nosa terra, gústanos que a mensaxe chegue directa e com-

prensible á primeira. Por outro lado o galego é moi sonoro, moi armónico e suave para as letras de cancións, pásalle un pouco como ao inglés, e gustounos sempre para escribir. Como dicíamos na primeira resposta, gústanos xogar, polo que aproveitamos todo para facer cancións diferentes. Temos outro tema por exemplo en castelán, que tamén ten moito de historia cercana: “Diciembre”.

O metalcore/death melódico en galego conta con varios expoñentes, dende bandas xa extintas como O Funeral de Arela ou Torques MC ata actuais como Cabodano, e tamén podemos apreciar a súa influencia en bandas como Golpe Radical ou Machina. Escoitaremos máis cancións en galego de Her Anxiety no futuro?

Nunca pechamos portas a un idioma que nos gusta tanto para as letras! Sí que é certo que o obxectivo principal non é centrarnos nun só idioma, polo que nós non seremos un deses referentes “únicos”, pero os apreciamos e respectamos moito o seu traballo.

Queredes recomendarnos algunha ou algunhas bandas máis da



mación
H e r
Anxiety é
un gran
paso e
unha su-
bida moi
destaca-
ble de ni-
vel, polo
que eses
primeiros
pasos como
“His”
hai tempo
quixemos
deixalos atrás.

Unha das cancións máis destacadas de No Land in Sight, en cuxa portada xa podemos adiviñar a importancia do mar para a banda, é precisamente “Ó mar”, unha canción en galego. Por que decidistes incorporar unha canción na nosa lingua?

A mar é sempre unha constante. Non podemos alonxarnos dela e temos moita sorte de vivir onde vivimos. Cremos que é unha

Her Anxiety é unha banda de metalcore de Vigo nacida no 2020. O pasado venres 18 de novembro lanzaron o seu primeiro traballo, *No Land In Sight*, co selo estatal Art Gates Records. Porén, aínda que este sea o seu primeiro álbum, a banda esta formada por membros de longa experiencia na escena metal galega, procedentes de bandas como Dysnomia/Dark Eternity, Hills and Valleys, ou a banda precursora His Anxiety, que lanzara en 2013 o EP *Asphyxia*, alén de varias aparicións en recopilatorios.

Polo momento, a irrupción do renovado grupo colleitou xa unha excelente acollida con videoclips de adianto como “Dear Lion” ou “Adrift”, dirixido o primeiro por Henry Menacho e o segundo por Ana Piñeiro e Carlos Meira, que tamén sacou as fotos da banda. As cancións contan xa con decenas de miles de visitas nas plataformas. Agora, con *No Land in Sight* xa nas rúas e recibindo numerosas recensións positivas, o quinteto prepárase para a xira de presentación do disco. Nel, escoitamos un metalcore actual e moderno, cun bo compoñente electrónico e melodías ben pegadizas, e tamén cunha forte influencia do death metal melódico máis clásico, entre outras. Tamén escoitamos unhas letras que van dende temas máis persoais ata outros de crítica social como “First World Company”. Así, con ocasión do lanzamento, falamos con Aida, a vocalista da banda, para que nos conte todos os detalles.



escena? Ben sexa de metalcore ou de metal en xeral.

Como ben dis, hai unha boa representación do idioma galego na escea, por nombrar algunhas das que máis se estan a mover: Dioivo, Tenue, Arrythmia... É que hai un montón delas, e gracias a medios como o voso podemos coñeceleas, seguilas e darnos conta de que o idioma non é un impedimento para poder facer música de calidade xa sexa co folclore ou sen él.

O papel dos festivais galegos, dende o Resu ao Kanekas, é clave precisamente na difusión da escena. Vós pasastes por varios deles ao comezar a promoción do voso

álbum. Que tal vedes a situación dos festivais de metal por aquí?

Ir a festis como público é unha marabilla. E a nós encántanos! E encantáranos tocar en todos. Levamos anos asistindo a moitos deles e cremos que temos sorte tendo tantos festivais de calidade tan preto. Cuadro que fixéramos as primeiras pegatinas e púas nas datas de verán, polo que aproveitamos para deixalas en todas as esquinas que encontramos libres. Cremos que vai moita xente e sempre está ben ter formas novas de darse a coñecer. Digamos que aproveitamos calquera excusa posible para iso: viaxes, bares de colegas, concertos, salas de ensaios... A situación dos festivais, pois depende,

moitos sufriron un gran golpe pola COVID, polo que tampouco imos dicir que sexa a mellor situación para as organizacións. Pero a verdade é que o público parece que responde ben e iso é xenial. Ver os festis e concertos cheos alégranos a todos!

Dentro do que é a promoción dádeslle moita importancia ao apartado audiovisual, con varios videoclips e lyric videos cunha coitada estética. Que é o que buscades transmitir e conseguir con eles?

Na época na que nos atopamos, na que hai tanto movemento dixital e os tempos de atención son tan curtos, pensamos que era básico apostar por un traballo de calidade nos

vídeos. O videoclip de “Dear Lion” e o lyric video de “First World Company” son obra de Henry Menacho, que xa traballara con Dysnomia no pasado e ten moitísima experiencia no metal, e fixo un traballo de dez cos nosos vídeos. O último videoclip que publicamos, “Adrift”, é obra de Carlos Meira&CO, cos que xa traballáramos nas sesións de fotos, pero que non teñen tanta experiencia no audiovisual. A verdade é que deron o cen por cen connosco e quedou un resultado increíble.

Buscamos transmitir un pouco o que hai detrás das letras das cancións, ademais de reflectir o que somos e como traballamos. Por exemplo, eu doulle moita importancia aos



meus outfits e o impacto visual que provocan. É unha forma de arte engadida á música que tamén transmite, é algo máis que xa forma parte da banda e tamén será parte dos directos.

Tamén tedes unha presenza moi activa en redes. Que tal estades vendo a resposta da xente? É esencial hoxe en día para as bandas coidar as súas redes sociais?


Gústanos estar en contacto coa xente e saber as súas opinións e reaccións. A resposta non a imaxinábamos tan participativa! Agradecemoslle moitísimo á xente que se implica connosco a diario nas stories de IG por exemplo. Non sabemos se é esencial, pero a verdade é que é unha gran oportunidade de ofrecer as novas de primeira man e responder á xente de forma áxil.

Por que vos decantastes por Art Gates Records para sacar o álbum? Foi difícil o proceso de atopar unha discográfica axeitada pasar sacar o disco?

A verdade é que para Art Gates Records só temos boas palabras. Foron especialmente atentos dende o primeiro momento, antes incluso de firmar con eles. Ofrecéronnos a súa man e o seu apoio, e responderon aclarando calquera dúbida no momento. Así que no momento da decisión non houbo moitas dúbidas, eran os axeitados e non nos arrepentimos. O proceso non foi demasiado complexo porque tampouco quixemos dar voltas e voltas. Queríamos unha cousa, AGR ofrecéronnos exactamente o que buscábamos e foi amor a primeira vista.

Moitísimas grazas por responder ás nosas preguntas e moito ánimo defendendo No Land in Sight en directo. Nós dende logo non perderemos eses bolos!

Moitísimas grazas a vós polo voso tempo! E sobre todo a todos os que lean esta entrevista ata o final, estamos encantados de tervos na nosa familia. Mandámosvos unha aperta enorme a todos!



O XUVENTUDE CREA 2022 DE MÚSICA PREMIA A FAÍSCAS, XA'LUM E CANTOMETRICS



A arriba a abaixo Xa'lum, Faíscas e Cantometrics, no Xuventude Crea 22

O Playa Club da Coruña acolleu a fase final da especialidade de Música do certame Xuventude Crea 2022, que reuniu a oito artistas de diferentes partes de Galicia. O primeiro premio foi para o grupo Faíscas, formado por Lara Álvarez Álvarez, de Redondela, e o vigués Brais Fernández Pombo. Os temas que o dúo interpretou en directo e cos que resultaron gañadores foron “A flor” e “Vals de Traspielas”.

En segundo lugar quedou a solista coruñesa Iria Vilas Iglesias, cos temas “Hvergelmir” e “Gjoll”, coa súa proposta ambiental e electrónica. E en terceira posición quedou o grupo folk Cantometrics, cuxos compoñentes son: Marina Fernández Vigo, de Vigo; Luís Sánchez Bolón, de A Coruña; Sandra Pérez Míguez, de Tui; Nébeda Piñeiro Barros, de Bueu e Iago Camaño Lagoa, de Cagas do Morrazo. Os títulos dos dous temas que tocaron foron “Maíos” e “Manuel do Campo”.

Os gañadores recibirán unha gratificación repartida de 3000 euros; 1500 os segundos clasificados e 1000 os que quedaron en terceira posición. Ademais dos tres proxectos gañadores, tamén participaron os artistas de música urbana Amorodo e O Filloas, o saxofonista Martín Castro, e o dúo de metal Dioivo.

Máis de 4000 mozas e mozos de entre 16 e 30 anos foron premiados nas trece edicións que se levan celebradas do Xuventude Crea, que acumula preto de 3000 proxectos creativos e obras presentadas. Na edición deste ano 2022 participan un total de 350 artistas con 280 obras que, de novo, contarán con apoio por parte da Xunta de Galicia para dar a coñecer as súas creacións. Todas aquelas premiadas ao longo dos últimos anos exíbense nun museo dixital recen estreado: www.museoxuventudecrea.gal

As disciplinas que se premian nesta edición son: teatro, música, novela curta, poesía, videocreación, banda deseñada, arte urbana, moda, deseño de xoias, cociña, danza moderna, creación de videoxogos, fotografía e artes plásticas (esta última comprende as modalidades de pintura e escultura). Cómpre destacar, como novidade neste 2022, o cambio de nome de graffiti a arte urbana para dar cabida ás diferentes expresións neste ámbito, así como a inclusión da modalidade de música clásica dentro de música.

Noite de punk en Cangas con Trikornio, Eskravos e Gracias por Nada

O vindeiro sábado 10 de decembro terá lugar na SalaSon de Cangas do Morrazo un concerto de tres grupos de punk galegos: os composteláns Trikornio, os estradenses Eskravos e os vigueses Gracias por Nada (GxN). Tres bandas novas que unen por primeira vez forzas cos seus diferentes estilos.

O trío Trikornio, por unha banda, naceu en 2020 das cinzas do anterior proxecto Reino Animal, e xa teñen editado un álbum, do 2021, titulado Hikikimori, ademais do EP Rekortes de Ostias do mesmo ano. O grupo define o seu estilo alternativo como “rock raro”, e destacan pola súa característica estética nas súas fotos e os seus concertos.


O cuarteto Eskravos, por outra banda, naceu en 2021 baixo o

nome de Rain Slaves, co que xa deron varios concertos, e definen a súa música como punk e grunge. Finalmente, Gracias Por Nada naceu este ano 2022 a partir do grupo anterior En Proceso, a medio camiño entre Vigo e Compostela. O trío ten tocado xa no concerto organizado por Grupos en Loita na Sala Molotov de Vigo, e o seu estilo está influído principalmente polo pop punk e o skate punk. Ámbolos dous grupos atópanse nestes momentos preparando as súas primeiras gravacións.

As tres bandas terán ocasión de compartir o escenario da que é unha das salas de concertos máis destacadas de Galicia, a SalaSon de Cangas. A apertura de portas será ás 21:00 e o evento terá un prezo de 8€.



Gracias por Nada



Trikornio



Eskravos



**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON



ESTREA O VÍDEO DE «LÁZARO», PERTENCENTE AO EP RESURREKZIÓN

Ruinas é un dúo afincado en Ferrol, formado por Ángel (na batería) e Rober (na guitarra, baixo, voces e sintetizadores), membro tamén da lendaria banda coruñesa Mache-tazo. A música do dúo, fundado en 2018, mestura principalmente o death metal e o grindcore, máis tamén inclúe elementos electrónicos de estilos como o synthwave e o darkwave. Precisamente nestes últimos estilos encádrase «Lázaro», canción de 17 minutos que pecha o seu último EP Resurrekzión, e que recibe agora un videoclip, ou máis correctamente, unha «visualización cinemática».


Resurrekzión, editado a mediados deste ano, é o segundo traballo da banda, despois de Ikono-klasta en 2020. Foi tamén lanzado polo selo italiano Spikerot Records, e, ao longo da meirande parte da media hora de duración do EP, o estilo dominante é un death/grind que entronca co practicado por Mache-tazo e por outras bandas de Rober, como Banished from Inferno ou, especialmente, Ovakner. Porén, o seu ton propio, descarnado



e desolador, vencéllao irremediabilmente ao máis puro crust punk. En todo caso, nos dous últimos temas o EP muta considerablemente, pasando o son dominante a ser o electrónico e o ambiental.

Concretamente, «Lázaro» toca diferentes vertentes do darkwave e o synthwave e tampouco faltan nela certas reminiscencias do hardcore e o metal, apreciábles especialmente nas seccións finais do tema. O carácter envolvente da canción faina perfecta para un vídeo destas características, realizado por Underoom Studio, onde as imaxes xuxtapóñense a medida que esta progresa e evolúe.

A propia banda define esta canción como «experimental e incon-vencional», estando «humildemente influenciada polo dark synthwave, o prog rock giallo e as clásicas bandas sonoras de terror á John Carpenter, Goblin e similares», para evocar «unha viaxe a través da morte... E volta». Escríbese así un novo e máis que digno capítulo da afianzada relación entre a electrónica escura e a música máis extrema.



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos.
Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio.
Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 28-11-2022 nº23. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com